

NORMAS PARA O ENVÍO DE COMUNICACIÓNS

1. O tema das Comunicacóns ao Congreso será libre. Non se admitirán comunicacóns "a propósito dun caso".

2. RESUMOS:

- Data límite de envío: ata o **06 de marzo de 2025**.
- Enviaranse en formato electrónico á web do Congreso.
- Deberá indicarse se os autores son Radiólogos ou TSID e o tipo de formato enviado, seleccionando na plataforma a seguinte opción:
 - Póster electrónico Radiólogo/a
 - Póster electrónico TSID
 - Oral Radiólogo/a (para TSID só se acepta póster)
- Indicarase o correo electrónico onde se desexa recibir a resolución do Comité Científico.

ESTRUTURA DO RESUMO:

- Extensión: máximo de 250 palabras.
- Apartados:
 - **TÍTULO** (Non incluír datos que identifiquen o centro de traballo para garantir unha avaliación anónima. Non incluír no resumo, só no espazo específico para iso).
 - **AUTORES** (Máximo 6 autores. Non incluír no resumo, só no espazo específico).
 - **CENTRO** (Non incluír no resumo, só no espazo específico).
 - **OBXECTIVOS**
 - **MATERIAL E MÉTODOS**
 - **RESULTADOS**
 - **CONCLUSIÓNS**

3. O Comité Científico avaliará os resumos.

- A avaliación será anónima, sen coñecemento dos autores nin do centro de orixe.
- A resolución de aceptación ou exclusión comunicarase con data límite: 04 de abril de 2025.
- O Comité Científico poderá modificar a forma de presentación como Comunicación Oral ou Póster Electrónico, independentemente de como fose enviado. Unha vez recibida a proposta de cambio, o autor poderá aceptar ou rexeitar a proposta do Comité Científico.

4. PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓNS ADMITIDAS:

O primeiro autor deberá estar inscrito no Congreso antes da data límite.

4.1. PÓSTERS ELECTRÓNICOS (Data límite: 25/04/2025)

- Número máximo de diapositivas: 30.
- Deberán enviarse dúas versións:

Versión 1. ANÓNIMA

- Sen datos dos autores nin do centro no título, texto ou imaxes.
- Será utilizada polo Comité Científico para decidir os PREMIOS.
- Deberán elaborarse en formato PowerPoint ou LibreOffice.
- Enviarase en formato PDF a través da web do congreso.

Versión 2. CON AUTORES E CENTRO

- Deberán elaborarse en formato PowerPoint ou LibreOffice.
- Enviarase en formato PDF por correo electrónico á Secretaría Técnica ao enderezo **diegofernandez@tramasolutions.com**, que será utilizado para expoñer as comunicacións electrónicas na sede.
- Os pósters electrónicos poderán visualizarse durante o Congreso nos ordenadores dispoñibles para os congresistas.

4.2. COMUNICACIÓNS ORAIS (Data límite: 25/04/25)

- Número máximo de diapositivas: 30.
- Deberán elaborarse en formato PowerPoint ou LibreOffice e remitirse en formato PDF a través da web do congreso.
- Para a súa exposición no Congreso, a Comunicación deberá entregarse na sede polo menos 2 horas antes.
- Tempo de exposición: 5 minutos + 2 minutos para preguntas.
- Os autores deberán axustarse ao tempo marcado; en caso contrario, os moderadores poderán interromper a exposición.

5. O Comité Científico avaliará as comunicacións enviadas:

- Notificarase aos autores a aceptación definitiva das Comunicacións.
- Poderá rexeitar as presentacións que non se axusten ás normas ou ao contido exposto no resumo.
- Os autores aceptan expresamente a difusión da súa comunicación entre os congresistas e a súa publicación na páxina web da Sociedade Galega de Radioloxía.

PREMIOS ÁS MELLORAS COMUNICACIÓNS

A Sociedade Galega de Radioloxía concederá os seguintes premios ás mellores comunicacións presentadas neste XIV Congreso Galego de Radioloxía:

- **COMUNICACIÓNS RADIÓLOGOS:** 2 premios de 300 €.
- **COMUNICACIÓNS TSID:** 1 premio consistente na inscrición ao XVIII Congreso Nacional AETR.

NORMAS:

1. Optarán a estes premios, salvo renuncia expresa dos autores, todas as comunicacións aceptadas para a súa presentación durante o XV Congreso Galego de Radioloxía, tanto en formato electrónico como oral.
2. Os premios serán concedidos ao primeiro autor, quen poderá delegar en calquera outro dos autores. Neste caso, deberá comunicalo por escrito á Sociedade Galega de Radioloxía nun prazo máximo de 10 días tras o final do Congreso.
3. O Comité Científico do Congreso será o responsable de emitir o fallo dos Premios ás Comunicacións gañadoras, sendo este inapelable salvo defecto de forma. O presidente do Comité Científico terá voto de calidade en caso necesario.
4. O resultado farase público durante o Congreso e publicarase na páxina web da Sociedade Galega de Radioloxía.